



10 de marzo de 2008

Curso 2007/08 nº 19

Correo: boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Contido:

Postos de asesores/as de formación nos centros de formación e recursos 2

Concurso de méritos para prazas do proxecto Siega 2

Recuperación e utilización aldeas abandonadas 2

Aula 2008 2

Acaba de saír o número 14 da revista *Saudiña*, o voceiro do Plan *Valora* nos centros educativos. Este número está dedicado especialmente á convivencia escolar, polo que recolle en primeiro lugar arti-

gos de expertos neste ámbito, premios ás mellores prácticas educativas do MEC e experiencias dos centros Valora Convivencia. Ao lado destes artigos, inclúense experiencias didácticas, recensións e

artigos feitos polo profesorado de Galicia, xunto a seccións novas. [Acceso](#)

Colaboracións para o novo número 15, enviar a : valora@edu.xunta.es

Revista Saudiña

2º Boletín da Dirección Xeral de Cooperación Exterior

Nos vindeiros días chegará aos centros educativos o 2º boletín trimestral da Dirección Xeral de Cooperación Exterior co obxecto de achegarlle á poboación escolar as accións en materia de cooperación que se están a desen-

volver en África, Asia e América do Sur. Trátase de proporcionar unha ferramenta útil para todos (adultos, mozos e nenos) que nos permita traballar a prol da consecución dun mundo máis xusto. [Acceso ao boletín.](#)

Últimas novidades no portal de contidos educativos.

[Acceso](#)

Postos de asesores/as no servizo de formación do profesorado

No [DOG nº 46](#) do mércores 5 sae publicada a Orde do 27 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de asesores

e/ou asesoras do Servizo de Formación do Profesorado.

Ourense



Río Areteiro, curiosa cara no río (Pontevedra)



Caldas do inferno. Corcubión (A Coruña)



Restos dun Cansatro no Camiño Real. A Laxe (Pontevedra)



Poza da Fecha (Ourense)

Postos de asesores/as de formación nos centros de formación e recursos

No [DOG nº 46](#) do mércores 5 sae publicada a Orde do 27 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e recursos.

Concurso de méritos para prazas do proxecto Siega

No [DOG nº 47](#) do xoves 6 sae publicada a Orde do 28 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos específico entre o persoal funcionario de carreira que imparte ensinanzas en niveis non universitarios para a atención e desenvolvemento do proxecto do Sistema de Información da Educación Galega (Siega).

Recuperación e utilización de aldeas abandonadas

No [BOE nº 51](#) do xoves 28 sae publicada a Orde ECI/498/2008, de 28 de febreiro, pola que se convocan axudas para participar, durante o verán de 2008, na actividade de recuperación e utilización de aldeas abandonadas. O prazo de presentación de solicitudes remata o 4 de abril.

Aula 2008

Un ano máis celebrábase en Madrid, do 2 ao 6 de abril, o Saló Internacional do Estudiante e da Oferta educativa, con China como país invitado, para dar resposta á gran demanda de formación educativa e profesional. Poderase obter información sobre a oferta educativa actual, a evolución das saídas profesionais, as posibilidades para estudar no estranxeiro e os novos enfoques pedagóxicos. Conta cun programa de actividades paralelas. [Acceso](#)

Webs temáticos



Publicacións

- [LOE](#)
- [O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)
- [Plan de Convivencia](#)
- [Saudíña](#)
- [Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)
- [Alumnado con discapacidade motora](#)
- [Alumnado con problemas de conduta](#)
- [Alumnado con discapacidade intelectual](#)
- [Alumnado con sobredotación intelectual](#)

Ligaçon á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)